



ACTA DA REUNIÓN 8 DE SETEMBRO DE 2014 DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN PARA A AMPLIACIÓN DO ESPAZO DE ALMACENAMENTO DO CPD E SERVIZO DE MANTEMENTO.

Presidente:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente da Mesa do Parlamento de Galicia

Vogais:

D. José Manuel Balseiro Orol
Secretario da Mesa do Parlamento de Galicia

D^a. Concepción Burgo López
Vicesecretaria da Mesa do Parlamento de Galicia

D^a. María Aneiros González
Letrada do Parlamento de Galicia

D^a. María del Carmen Fernández da Silva
Viceinterventora do Parlamento de Galicia

Secretario:

D. Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 12,00 horas do día **8 de setembro de 2014**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a subministración para a ampliación do espazo de almacenamento do CPD e servizo de mantemento.

Orde do día:

Punto único.- Constitución da Mesa de contratación e apertura e exame da documentación incluída nos sobres "A" (Capacidade para contratar e solvencia económica, financeira e técnica e profesional dos licitadores).

De seguido procedese a:

PRIMEIRO.- O Sr. Presidente declara constituída a Mesa de Contratación.

A continuación, o Secretario achega a certificación do xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria do Parlamento de Galicia na que se fan constar as proposicións presentadas ao través do Rexistro Xeral da Cámara, que son as seguintes:

EMPRESA	registro núm.:
Internacional periféricos y memorias España, s.l.	26033
Sistemas avanzados de tecnología, s.a.0	26040 (fax) 26089

Constatase que non se presentaron ofertas ao través da plataforma de licitación electrónica.


SEGUNDO.- Seguidamente a Mesa de contratación procede ao estudo da documentación contida nos sobres A presentados polas empresas concorrentes.

Examinada a continuación toda a documentación incluída no sobre A das proposicións presentadas, a Mesa de Contratación comproba que as dúas empresas presentan a documentación administrativa requirida segundo o establecido na cláusula sexta dos pregos, polo tanto acordan admitilas para continuar no procedemento de contratación.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 12,20 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data ao principio indicados.




Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



José Manuel Balseiro Orol
Vogal



Concepción Burgo López
Vogal



María Aneiros González
Vogal



María del Carmen Fernández da Silva
Vogal



Santiago González Serrano
Secretario